

Familias!!

Un mércores máis quero compartir convosco novas propostas! As propostas anteriores podedes volver a elas cando queirades se lles gustaron aos vosos pequenos e pequenas 😊

- BANDEXAS DA VIDA PRÁCTICA. Unha ocasión máis vos presento unha bandexa para practicar hábitos da vida cotiá. Precisaremos coma sempre unha bandexa, un coitelo adecuado para a súa idade, un plato e un plátano. Este da fotografía é un modelo pero podedes adaptalo como vós queirades.

Consistirá en pelar o plátano, cortalo en anacos e botalos nun bol. Poderemos facer esta dinámica para o almorzo, media mañá ou na merenda. Deberemos indicarlles cómo suxeitar o coitelo agarrándoo coa man dominante e o plátano coa outra man. Se cambian de mans continuamente non pasa nada, está perfecto tamén 😊





- **CONVERTIMOS OVOS EN POLVO.** Nesta bandexa convertiremos as cáscaras dos ovos en polvo. Nun bol teremos cáscaras de ovos cocidos ou cruz e outro vacío no que votaremos o resultado. Na cunca co morteiro votaremos as cáscaras e terán que machucalas. O morteiro collerano coa man dominante, e o mesmo que antes, se cambian de man está perfecto tamén 😊  
Traballarán a concentración, o desenvolvemento óculo-manual e a forza na man , imprescindibles para a prelectoescritura.



MÁNDOS MIL BICOS E APERTAS!



María